



## **ACTA DA REUNIÓN DO 14 DE SETEMBRO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO.**

### **PRESIDENTE:**

D. Miguel Ángel Santalices Vieira  
Vicepresidente do Parlamento de Galicia

### **VOGAIS:**

D. José Manuel Balseiro Orol  
Secretario do Parlamento de Galicia

D<sup>a</sup>. Concepción Burgo López  
Vicesecretaria do Parlamento de Galicia

D<sup>a</sup>. María Aneiros González  
Letrada do Parlamento de Galicia

D<sup>a</sup>. María del Carmen Fernández da Silva  
Viceinterventora do Parlamento de Galicia

### **SECRETARIO:**

D. Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento, ás 16,30 horas do **14 de setembro de 2015**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación das ofertas presentadas na contratación, mediante procedemento aberto, dos servizos para a prestación do servizo de prevención alleo.

### **Orde do día:**

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

### **Desenvolvemento da reunión:**

Invítase a que accedan á sala os representantes presentes das empresas concorrentes:

D. Jorge Paz (dni nº 32650438Y), en representación de Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.

D<sup>a</sup>. Belén Reija (dni nº 33333938S) en representación de Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.

D. Alberto González (dni nº 47355155H) en representación de Gerosalud, S.L.

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

O presidente anuncia que si algún dos presentes o solicita se procederá á lectura do anuncio de licitación publicado no Diario Oficial de Galicia nº 153, do 13 de agosto de 2015. Ningún dos presentes o solicita.

Acto seguido comunicase o acordo da Mesa de contratación sobre a admisión e inadmisión das proposicións presentadas polas empresas reflectidas na certificación expedida polo xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria, que son as seguintes:

EMPRESA	registro núm.:
Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.	40024
Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.	40060
Gerosalud, S.L.	40197

Do estudo da documentación presentada polas empresas nos sobres "A" resulta que deben ser admitidas todas as empresas concorrentes; non hai, polo tanto, empresas excluídas.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

O presidente invita aos presentes a que examinen os sobres "B", e comprobén que se atopan pechados e nas condicións nas que foron entregados. Informa que poden efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas antes de proceder á apertura dos sobres pero que unha vez iniciada, non se admitirán interrupcións, e que a documentación contida nos sobres remitiranse ao servizo do Parlamento competente para a súa avaliación, e a puntuación asignada respecto dos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, darase a coñecer no acto público de apertura dos sobres "C".

Procédese a continuación á apertura dos sobres presentados. O presidente anuncia aos presentes poden examinar a documentación contida nos sobres "B".

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 16,43 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.

 Miguel Ángel Santalices Vieira Presidente	 José Manuel Balseiro Orol Vogal
 Concepción Burgo López Vogal	 María Aneiros González Vogal
 María del Carmen Fernández da Silva Vogal	 Santiago González Serrano Secretario